



TOR, novo cuarteto de referencia no folk céltico atlántico galego, creado en 2018 e composto por catro músicos de diversas influencias e con longa traxectoria no panorama folk e celta internacional: **Cástor Castro** (frautas de madeira, buzuqui, ulna), **Félix Castro** (anglo concertina, acordeón diatónico, gaita galega, gaita de cana), **Xosé Liz** (buzuqui) e **Álvaro Iglesias** (Contrabaixo)

Acaban de publicar *«Zira»* (Avidplay 2024) e teñen dotado ao seu novo traballo de toda unha simboloxía que evidencia os fundamentos da súa personalidade, da súa música e da súa forma de estar no mundo:

A Torre, Arcano Maior nº XVI do Tarot, representa a vitoria do espírito e a renovación sobre alicerces sólidos, enraizados na terra.

Cira (Silleda), o lugar onde gravaron este novo traballo, significa *«Luz de lúa chea»* en lingua tamazight (bérber), **Zira**, e da título ao novo CD.

Potentes sets instrumentais de temas orixinais tomados da tradición galega e algunhas composicións propias, provenientes principalmente do traballo de campo de *Arquivo Castro Vicente*, durante máis de trinta anos. Ademais incorporan novos temas ibéricos das músicas portuguesas, vascas ou castelás.

Sólida base harmónica de *buzuqui* e *contrabaixo* que fundamenta a liña melódica guiada pola *gaita*, *frauta*, *acordeón diatónico* e a *angloconcertina*, conformando un son acústico, reelaborado dun xeito concordante cos traballos que se facen hoxe en día no folk atlántico europeo.

Muiñeiras, xotas, alboradas, pasacorredoiras ou polcas, succédense con outros temas máis pausados como alalás, cantos de reis, valeses ou mazurcas.

En **2020** editaron o seu primeiro CD «*TOR-Folk Céltico da Galiza*» e agora traballan entre outros proxectos na BSO da película «Luarada» (Zinemusik) sobre Manuel Blanco Romasanta, o Lobishome de Esgos e en «Kallaikos» de Paco Boluda.

Semifinalistas nos **Premios MIN 2021** de Música Independente española. En 2022 y 2023 alcanzaron postos destacados no **TOP40 Global** en www.ethnocloud.com, plataforma mundial de Músicas Étnicas e de Raíz, radicada en Canadá, chegando ao posto **nº I TOP40 West European** co vídeo «Alboradas». O 18 de Abril de 2023 *Ethnocloud* nomeounos **Artist of the Day**.

En 2023 tras concertos no Festival Folk de Ortigueira, Romaría Vikinga de Catoira e Portugal, foron finalistas do prestixioso certame **Folkez Blai** de Ermua (Euskadi) e desprazáronse a ofrecer dous concertos en **Folk Canarias**.

En **2024** realizan exitosas xira por Castela e León (Patio Corsario de Valladolid, Museo Etnográfico de Castela e León-Zamora, e Casa Lis de Salamanca) e Portugal (Festa do Caldo de Quintandona, Festivais Catro maos) e traballaron intensamente para ofrecer o seu son de directo no seu novo traballo «Zira».

Contacto: Cástor Castro tor.celtrad@gmail.com +34 629875063

Contratación: Músicas ao Vivo S.Coop.Galega

Página web y vídeos de la banda



<https://torgaliza.es>



<https://www.facebook.com/torgaliza/>



Top 40 Tracks - December : West European		Top 40 Videos - December : West European	
1	Unsuspected Universes - Gnosienne 3 Giles Zimmerman	1	Breaking of the Ties James J Turner
2	Alboradas TOR - Folk Céltico Da Galiza, Galician CelTrad Music	2	MY MIND MARCO FERNICE
3	Breaking Of The Ties James J Turner	3	Piruxalda de Argomoso & Muíheira de V TOR - Folk Céltico Da Galiza, Galician CelTrad Music
4	Moonlight Over The Garden Paul Venz & Friends	4	Mazurka do Cachoupiño TOR - Folk Céltico Da Galiza, Galician CelTrad Music
5	The Forest Debbie Dee	5	Carol of the Bells - Hurdy Gurdy Cover Sheonator Preak



CDs en DIGITAL

«Zira» [Avidplay 2024](#)

«TOR» [Avidplay 2020](#)

[Concerto Folk Canarias](#) (12/2023)

[Concerto Casa Lis](#) (2024)



Cástor y Félix Castro foron fundadores do grupo folk asturiano **Felpeyu** en 1991, colaboradores de Pancho Alvarez e Aula Gomes Mouro, e son membros do quinteto tradicional **Lubicáns**. En investigación musical teñen publicado *O catálogo de Música tradicional da Limia, libro-cd Sons da Limia*, exposición e congreso sobre *Faustino santalices*



(catálogo e actas), *Pregos de cordel e cegos músicos* (Deputación Lugo 2024)... Tamén publicacións e cursos especializados sobre *Manuel Blanco Romasanta*, o Lobishome de Esgos, e sobre editores de literatura máxica en España (UNED), exposicións sobre grimorios españois «Os Libros do demo» (Deputación de Lugo), «*San Cipriano o Mago: De oracións, cipriniallos e tesouros*» no Museo Etnolóxico de Ribadavia e Sala Marcos Valcárcel de Ourense (2021, 2022).



Xosé Liz é un músico de recoñecido prestixio nacional e internacional no folk galego e Celtic Music, con máis de corenta producións cos mellores artistas galegos (Cristina Pato, Susana Seivane, Rodrigo Romaní, Anxo Pintos, Anxo Lorenzo, Begoña Riobó...), habitual nos grandes escenarios (Festival Intercéltico de L'orient, Celtic Connections, Piping Live, Vall D'aOsta, Scottish Weekend...).

Músico profesional, produtor, arranxista e compositor; profesor titular de frauta e corda pulsada na prestixiosa escola de música folk e tradicional **E-Trad** de Vigo desde 2009. En 2022 publicou o seu primeiro CD en solitario «El Cantar de los flautares» e en 2025 lanzará un novo proxecto moi innovador, «Indala» .

Álvaro Iglesias, formado en música clásica, desenvolve a súa carreira na música tradicional galega. Seus Mestres foron o lituano Iminas Kucinskas, Cris Gándara, Camilo Freire e Carlos Méndez. Formou parte das bandas Tres, Carlos Núñez, Pancho Alvarez, Faltriqueira, ou do gaitero Anxo Lorenzo, participando en festivais internacionais. Traballou en gravacións, composición ou colaboracións en máis de trinta discos e documentais para TVG ou Discovery Channel. Forma parte das bandas Arán, Entre trastes, Ardentía, Son de Seu, e Rodrigo Romaní. Produtor, compositor, arranxista e *freelance* en gravacións de estudio ou colaboracións. Leva dous CDs en solitario: «Alma» e «Vagalume», e en 2025 seu terceiro traballo: «Moimelo»



REQUERIMIENTOS TÉCNICOS:

Félix Castro:	Anglo concertinas	I XLR / I conector jack
	Acordeón diatónico	-Melodía: Conector XLR -Baixos: Conector XLR
	Gaita galega/cana	-Punteiro: Sennheiser MD441-U / Ronco: Shure Beta 98 (ou similar)
Cástor Castro:	Frautas, presentación	SM58
	Buzuqui	Conector XLR
Xosé Liz:	Buzuqui	Conector XLR / I toma de corrente
Álvaro Iglesias:	Contrabaixo	Conector XLR / I toma de corrente

Catro monitores. Catro cadeiras sen brazos e un taburete alto

Duración do concerto: de 60 a 90 minutos (a acordar coa organización).

TOR ofrece dous espectáculos: **TOR Cuarteto**, e **TOR con convidados**, incorporando a figuras tan prestixiosas coma **Pancho Alvarez** (violino), **Luis Peixoto** (mandolina), **Soco Rúa** (pandeireta), e **Lucía Cedrón** e **David Leadbeater** (baile), o que aporta unha maior emoción, riqueza e espectáculo

